
LIMILAR \ Raquel Casal García \
Profesora Titular de Arqueoloxía
e Directora do Departamento de Historia I
da Universidade de Santiago de Compostela /

/O Museo Provincial de Lugo e a Arqueoloxía /

Supón para min unha honra prologar este libro que presenta o Catálogo da Exposición ARQUEOLOXÍA 1990-2005 e que amosa os materiais arqueolóxicos máis relevantes depositados no Museo Provincial de Lugo nestes anos. Esta honra débese a que, á parte da vinculación persoal coa provincia de Lugo e que a miña familia paterna posúe toda ela orixe lugués, a solicitude fíxome a miña antiga e querida discípula na Universidade compostelá, Aurelia Balseiro García, actual directora do Museo, polo que non me podía negar.

Os museos de hoxe en día, grandes e pequenos, preséntanse como centros que ofrecen múltiples actividades en resposta ás demandas da cidadanía. Hai que ter en conta que o termo museo xa se vén usando desde os tempos helenísticos *Museion* que se aplicaba a construcións ou espazos humanizados que permitían a exposición e a valorización de calquera obra de arte ou testemuña da creación humana.

A ninguén se lle escapa a importancia que, para a sociedade actual, alberga o labor que desenvolven os museos como centros de educación e lecer, xunto coas tradicionais funcións de conservación, investigación e difusión.

Dende os organismos internacionais insístese na responsabilidade que desempeñan os gobernos na conservación do patrimonio, debendo facilitar as ferramentas precisas para que todos os cidadáns adquiren o compromiso de valoralo e protexelo. Por este motivo, os museos funcionan como arma fundamental pois, cada vez máis promoven a participación das comunidades locais nos seus proxectos de conservación e difusión, comunicando e educando sobre unha visión global do patrimonio en todos os sectores da sociedade.

Para os profesionais dos museos non é fácil encarar estes obxectivos nun mesmo proxecto museolóxico. A dimensión social do patrimonio a través do museo é un labor complexo na medida en que non hai fórmulas maxistras aplicábeis, porque na práctica non hai unha poboación igual a outra, como tampouco museos idénticos entre si.

Todos somos conscientes da enorme variedade de museos existentes, non só pola temática, senón tamén pola diversidade de organismos dos que dependen. Pero non hai dúbida de que un Museo nace pola necesidade dunha comunidade de conservar e mostrar o proceso da súa propia evolución cultural.

O Museo Provincial de Lugo, cuxa titularidade rexe a Deputación, inaugúrase o 10 de xaneiro de 1934 na ala sur do Pazo de San Marcos, sede da Deputación Provincial e como o seu primeiro director figura D. José López Martí. En 1957 trasládase ao soar que ocupa hoxe que, ata a desamortización albergou o convento dos Franciscanos. Conserva tres dependencias deste vello cenobio (cocina, claustro e refectorio), segundo o proxecto do arquitecto vigués D. Manuel Gómez Román (1875-1964), quen deseña un novo edificio con aires de pazo galego. En 1997 o museo amplíase, conxuntamente as directrices do arquitecto González Trigo, chegando aproximadamente aos cinco mil metros cadrados dedicados na actualidade a exposición e outros mil destinados a arquivo, biblioteca, almacéns e oficinas.

Os antecedentes históricos do Museo remóntanse, como a maioría dos museos provinciais españois, ao momento da creación, pola Real Orde de 13 de xuño de 1844, das Comisións Provinciais de Monumentos, arbitradas desde Madrid pola Comisión Central de Monumentos como consecuencia da Desamortización eclesiástica de Mendizábal (1836-1851). Esta desamortización, pola que Mendizábal pasa á historia, procede, en realidade, dun proceso moito máis longo iniciado practicamente nas Cortes de Cádiz (1810-1814). A partir da desamortización comeza en España o coleccionismo público.

Será en 1876 cando se produce a proposta de creación dun Museo de Arqueoloxía por parte da Comisión Provincial de Monumentos de Lugo, que non prospera. Avanzado o século serán as Deputacións Provinciais as que asuman, por parte do Estado, as competencias para facerse cargo do sostemento

dos emprazamentos dos museos. En 1912, a Deputación Provincial de Lugo, seguindo a proposta do deputado Arias Sanjurjo, aproba a creación dun Museo Provincial «*en el que se custodien y estudien, no solo los objetos de valor artístico, histórico y arqueológico, que lo merezcan y puedan adquirirse...*». Pero, ata 1932 a devandita institución non lle encomenda a D. Manuel Vazquez Seijas a redacción dunhas bases para crear un *Museo Provincial de Bellas Artes*. Nese mesmo ano, apróbase o Regulamento do Museo Provincial, que vai estar rexido por unha Xunta de Goberno, encargándolle a dirección a D. Luis López Martí.

A estrea, como xa dixemos, celébrase o 10 de xaneiro de 1934 nunha das alas do Pazo de San Marcos, cedida pola Deputación. A *Guía del Museo Provincial* editada en 1947 contempla a organización das coleccións e resalta que a colección arqueolóxica conta xa con 293 pezas entre obxectos do Neolítico, da Idade do Bronce e das épocas Castrexa e Romana, na que sobresa unha serie de aras e estelas funerarias e un bo conxunto de numismas. Unha nova *Guía*, editada en 2003, pon ao día a historia do Museo, cos directores e responsábeis da institución que suceden a López Martí, e constata, ao longo do percorrido polas distintas salas, o incremento de pezas arqueolóxicas, a maioría procedentes das escavacións en Lugo e a súa provincia xa que, a normativa aplicábel á actividade arqueolóxica a partir da Lei do Patrimonio cultural de Galicia (1995) e o Decreto regulador das actividades arqueolóxicas (1997), di que, estes obxectos deben depositarse no museo que designe a autoridade competente tendo en conta o criterio de proximidade ao lugar de procedencia. A problemática de que os museos asuman o abundante material que producen hoxe as escavacións non vou abordala aquí, pero anda necesitada dun debate.

Tamén na segunda metade do XIX aparece a Arqueoloxía constituída como unha ciencia histórica autónoma. As súas orixes poden remontarse ata o Renacemento, aínda que podemos atopar antecedentes máis remotos, é nese momento cando comezan a escribirse as primeiras obras sobre os restos do mundo antigo. Non obstante será na última década do século XVIII, coincidindo co xurdimento do Romanticismo por unha banda e coa renovación das ciencias da terra (xeoloxía, paleontoloxía e xeografía) por outra, cando se produce unha importante transformación teórica no conxunto das ciencias da antigüidade.

O século XIX é o dos grandes cambios de ideas, da aparición das teorías evolucionistas de Darwin que cambian a forma de entender a ciencia. O método de estudo toma

protagonismo á hora de analizar os feitos históricos. É o século do positivismo e da clasificación, das taxonomías e das tipoloxías. Neste tempo prodúcese ese grande acto de unión entre arqueoloxía e museo, propiciado pola taxonomía como o achado das *tres idades* (Pedra, Cobre e Ferro) que Thomsen, conservador do museo nacional danés, efectúa no primeiro terzo do XIX cando ordena as coleccións (a súa obra publícase en 1836 e tradúcese ao inglés en 1848). En 1875, Sautuola empeza a escavar en Altamira e, en ámbitos máis próximos, Martins Sarmiento faino na citania de Briteiros e Villaamil y Castro, lucense ilustre, leva a cabo as primeiras prospeccións na provincia de Lugo, singularmente na cova do Rei Cintolo e no Castro de Zoñán, ambos os dous xacementos en Mondoñedo.

A arqueoloxía científica trae aparelhada a valoración do obxecto cativo, da cerámica, das lucernas e dos pequenos bronzes como o demostra Riegl que, ao estudar estas catividades industriais, revaloriza as producións tardorromanas e provinciais. Estes pequenos obxectos aparecen, ao final do século, como pezas de museo que se enche de vitrinas. Representa o triunfo do coleccionismo histórico fronte ao estético ou de prestixio.

Será a partir da segunda guerra mundial cando se produza unha maior toma de conciencia de que a Arqueoloxía é unha ciencia autónoma cun longo *corpus* de coñecementos acumulados durante séculos e cun desenvolvemento vertixinoso no que fai a súa aparición as novas técnicas de investigación que fan da Arqueoloxía unha ciencia complexa e interdisciplinaria. Parte consubstancial da institucionalización da arqueoloxía como disciplina científica é o desenvolvemento e implantación da súa ensinanza. Este fenómeno que arrinca en Europa no último lustro do século XVIII e que rapidamente se expandiu por todos os países da Europa culta, non tivo en España as súas primeiras manifestacións ata o primeiro terzo do século XIX. Segundo os estudos que se lle dedicaron, a ensinanza estableceuse primeiro en sociedades particulares, para pouco tempo despois cristalizar, por proposta da Real Academia da Historia, na Escuela Superior de Diplomática e, finalmente, xa no século XX, pasar a ser impartida na Universidade. Lembremos que non foi ata o ano 1968 cando se dota a primeira praza de Arqueoloxía en Galicia que sería ocupada polo profesor Alberto Balil na Universidade de Santiago.

E a Arqueoloxía segue a evolucionar e, dunha ciencia que se ocupa da antigüidade, amplía o seu campo de acción a extremos insospeitados. Así hoxe en día, esta disciplina

non serve exclusivamente para a investigación e o coñecemento históricos, senón que tamén hai que entendela como arma eficaz para a protección do noso patrimonio arqueolóxico. A corrección dos impactos con motivo das grandes obras públicas ou privadas sobre o territorio, así como as imprescindíbeis intervencións nos cascos históricos dos arqueólogos, permiten salvagardar moitos dos testemuños do pasado, que ata hai relativamente pouco tempo non se atendían.

Repasar a historia da Arqueoloxía dentro das ensinanzas universitarias levaríanos máis espazo do que dispoñemos polo que imos concluír coa problemática que presenta actualmente: A reordenación dos plans de estudo universitarios no marco da reforma xeral do estudo na Universidade e a incorporación ao Espazo Europeo de Educación superior (EEES), obrigou a reconsiderar a situación da Arqueoloxía neses plans. A pesar de que era unha oportunidade única para pensar nun grao de Arqueoloxía ou nun posgrao cunha certa homoxeneidade de criterios e actuacións no conxunto das universidades españolas, a realidade é moi distinta debido á marxe de acción e á independencia de cada Universidade e Comunidade autónoma, o debate non se produciu e a realidade hoxe é a disparidade de opcións que existen nas Universidades españolas. Pero tratando a realidade galega neste intre, a Arqueoloxía retrocedeu na súa posición dentro do grao de Historia e non se albisca, coa escaseza orzamentaria das universidades, que haxa nun curto espazo de tempo unha maior presenza. Pensamos, xunto coa maioría dos docentes de Arqueoloxía que debe ser un posgrao ou máster profesional de Arqueoloxía quen cubra as necesidades de formación que hoxe se necesitan tanto para a práctica da Arqueoloxía como para a súa xestión. Por iso haberá que poñerse a deseñar máis pronto que tarde o devandito posgrao e, por suposto, acadar o acordo coas autoridades patrimoniais do país para non autorizar actuacións arqueolóxicas no futuro a aqueles que non acrediten a formación cun máster. Desta circunstancia dependerá o futuro da Arqueoloxía en Galicia así como a súa presenza nas Universidades Galegas nos vindeiros anos.

O riquísimo e orixinal pasado dos galegos, raíz fecunda da nosa cultura, non vén só expresado en ruínas ou grandes vestixios inertes e mudos, senón máis ben en obxectos cheos de creatividade ou en tecnoloxías agrícolas e industriais, en

festas tradicionais, en linguas e música, en pegadas elocuentes de arquitectura e organización social, así como en crenzas e coñecementos xunto coa gran produción artesanal, que ten o seu reflexo nas antigamente chamadas artes menores como a ourivería ou a toréutica.

A presente exposición persegue cumprir ese propósito: Arqueoloxía 1990-2005 conduce a coñecer de preto ao home inserido nunha sociedade e nunha cultura e, á súa vez, capaz de rexistrar o seu contorno natural e humano, así como de expresar a súa ideoloxía.

Lonxe de ser un recinto histórico, estático e inmutábel, o Museo pretende ser espazo de actividade, punto de ensinanza e reflexión, con actividades renovadas e atractivas porque todo museo debe ser un centro de cultura.

Para rematar, reitero que o labor do Museo, ademais da conservación, a investigación e a difusión dos seus fondos, debe de cumprir o compromiso de manterse como un punto de encontro, de cohesión social para a poboación local e tamén converterse nun referente cultural clave na cidade e na provincia.

O Museo de Lugo é punteiro no desenvolvemento e promoción de todo tipo de programas educativos e culturais (exposicións temporais itinerantes e actividades complementarias como obradoiros, concursos, cursos, conferencias...) tendentes a promover a aprendizaxe, non só referida á adquisición de coñecementos, senón tamén a cambios positivos nas actitudes e sentimentos da poboación. Tamén desenvolve liñas de acción propias que se dirixen a distintos sectores da poboación, cada un deles tratado como *grupos obxectivos* (de escolares, discapacitados, terceira idade, asociacións, etc.), a través de programas específicos nos que prima o carácter educativo e o sentido lúdico.

Parabéns a todo o persoal e á institución que sustenta o Museo Provincial de Lugo. Anímoos a seguir avanzando na procura dos mellores obxectivos. Recuperar a historia presúmese importante. Tamén, avanzar nela e compartila. Os esforzos que se reflicten neste catálogo e na exposición andan neste sentido e representan un vector cultural característico de quince anos de intervencións no eido da arqueoloxía na provincia de Lugo.

Santiago, 10 de decembro de 2009